

Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 19 de decembro de 2016

Asistentes:

Arribas Álvarez, M.Carmen
Comendador Rey, Beatriz
Eguileta Franco, José M^a
Garrido Labrador, Begoña
López López, Marta
Presedo Garazo, Antonio
Real López, Arturo
Reboreda Morillo, Susana
Sánchez Ferro, Pablo
Uña Álvarez, Elena de
Vaquero Díaz, Beatriz

Desculpan a súa ausencia:

López Díaz, María (Ano
sabático)

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Comisión de Calidade, o luns 19 de decembro de 2016, ás 17.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 15 de decembro de 2016:

- Lectura e aprobación da acta anterior (1 de decembro de 2016)
- Informe da Decana
- Validación, se procede, do Informe provisional de autoavaliación de renovación da acreditación
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación da acta anterior (1 de decembro de 2016)

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe da Decana

- Escusa a ausencia de María López (ano sabático)
- Dado a proximidade da xuntanza anterior non hai novidades que informar

3. Validación, se procede, do Informe provisional de autoavaliación de renovación da acreditación

A decana explica que se tomaron en consideración na redacción do documento que se presenta para validar, enviado coa convocatoria, todas as propostas da comisión anterior e as remitidas pola técnica da Área de Calidade.

Acórdase validar o Informe provisional de autoavaliación de renovación da acreditación para a súa aprobación na Xunta de Facultade.

4. Rolda de intervencións

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17.25 horas, e de todo dou fe como secretaria

A decana



Susana Reboreda Morillo Álvarez

A secretaria



MCarmen Arribas